

CONVERSAS CONTEMPORÁNEAS

Isidro Novo: “É indecente que a Xunta trate de facerlle unha eutanasia ao galego”

03.01.2011 Unha revolución non tería por que ser cruenta nin debería selo e Debería fundarse máis nas actitudes que nas accións

MANUEL VIDAL VILLAVERDE

De ascendencia mariñá, Isidro Novo é un lugués que agás pequenas parénteses sempre residiu na súa cidade de nacemento. O seu balbucir na escrita é no idioma castelán, pero cando toma conciencia da propia identidade, o galego convértese na súa única lingua voluntaria. Teaza de brétema, publicado na colección O Barco de Vapor no 1994, sería o seu primeiro libro individual. Seguiríalle o wéstern Por unha presa de machacantes, a continuación Carne de Can, un feixe de oito relatos e aparecería logo o libro de poemas Dende unha nada núa. No 1999 sae á rúa Antollos de Eimarmena, de narrativa curta, e despois de catro anos sen publicar, chegarían, consecutivamente, as novelas: Súa de si, Rosa lenta e Un escuro rumor tralo silencio. No ano 2007 ve a luz un libro de poemas da súa autoría titulado Esteiro de noites falecidas e en 2009 saíra publicada a súa tradución ao galego da novela de Benito Vicetto Los Hidalgos de Monforte. A súa última publicación é unha man (literal) de relatos curtos publicados anteriormente, ben en xornais, ben con outros autores, titulado Cabalos do demo e outros invertebrados (Trifolium-2010). En tempos fixo radio (Gomorrilas e novas criaturas) na pirata Radio Clavi, ademais de publicar dúas guías orientativas para libar viño artesanal na súa cidade (Guía do bebercio lugués 92 e 95). Ultimamente e co total apoio da AELG impulsou a sección de recuperación do idioma Palabras con memoria, visíbel na web da devandita asociación. Participa como recitador no evento itinerante denominado Polafías, que tamén dende o soporte da AELG impulsa Antonio Reigosa.

Bos días Isidro, hoxe levamos xa tres días no aninovo, as cousas aínda non tiveron nin tempo nin espazo para cambiar, para mudarse noutra realidade substancialmente distinta da que nos abrangue. Por suposto, Isidro, a situación socioeconómica non só na nosa nación negada; o concepto miserábel e chocalleiro que ten do noso idioma o reaccionarismo fascista e estulto das nosas clases políticas en non menos liñas xerais das que aparentan. Da normalización lingüística cuxo proceso soterraron, pasouse a ese desnortado e non menos ignorante bilingüismo harmónico, e cunha fachendosidade ou ínfulas propias de quen circunstancialmente ten a lilaila do poder, ao desastre idiomático galego, por “decreto” inherente á estolidez máis abxecta e disparatada que calquera persoa medianeiramente culta e estudada puidese comprender, implántase un trilingüismo de panem et circenses, que mesmo apoia incomprensiblemente o aparato docente de certos/as profesores /as das nosas universidades. Coa paveira alegría dos colonizados, auto-colonizados, dos patoloxicamente mergullados no ato-odio. O profesor Blecua do que tanto aprendemos moitos, recentemente nomeado presidente da RAE de la LENGUA, deixouno ben claro respecto de Catalunya, Euskal Herria e Galicia: só a inmersión lingüística pode salvarnos desta morte anunciada polo totalitarismo fascista hexemónico e lingüístico da vella Castela devida nunha España plural (¿?), democrática e monárquica. Despois desta non breve proposta que che fago, podes facer Isidro, a túa reflexión?

A min paréceme unha contradición indecente que a día de hoxe un goberno, facendo caso da ignorancia supina, sobre a cultura propia, dun pequeno sector da sociedade –sector ao que polo visto pertencen moitos dos membros gobernamentais –, pretenda facerlle a eutanasia ao noso idioma, sendo que eses gobernantes se din contrarios á morte provocada. O profesor Blecua, que non é de ningunha nación histórica, senón que naceu en Zaragoza, falou dende o seu pensamento independente, de home amante da pluralidade e non vinculado a intereses partidistas globalizadores, por iso as súas declaracións non son nada máis que o resultado desa independencia. E verbo do trilingüismo teño que dicir que ao meu ver non é máis que unha cortina de fume tóxico para levar a cabo esa eutanasia da que falei.

O idioma galego está a vivir o peor momento da súa xa longa historia?

O idioma galego está nos peores momentos dende os Reis Católicos, que eran uns protoglobalizadores de moito pendello, e así e todo, cuxilitranqueando, a nosa fala chegou ata aquí e ata tivo momentos de esplendor. Pensando na época franquista, eu teño dito, a maneira de arroutada, que o mellor que lle podería pasar ao noso idioma auténtico e natural era que o prohibisen, a ver se desa maneira a xente reaccionaba, emerxía dos mares impávidos, porque o que si está claro é que se un país deixa que lle arrinquen a lingua, que é a súa esencia, quizais é que non merece ser considerado como tal.

De todos os libros publicados, con tal te sentes máis a gusto, que non identificado?

Non sabería quedar con un. Sigo tendo boas sensacións cos meus libros de poemas Dende Unha nada núa e Esteiro de noites falecidas. E tamén con Carne de can e con estoutro pequeno libro de relatos que acaba de saír, Cabalos do demo e outros invertebrados, mais aproveito a pregunta para declarar un grande sentimento de frustración pola invisibilidade que tivo unha novela miña, Rosa lenta, sen dúbida por tratar o tema erótico, xa que no que toca ao asunto literario eu coido que está nun nivel digno e incluso diría que innovador. A beatería progresista tamén é un problema para resolver neste país.

Con respecto aos soportes do libro, algún día a “virtualidade” substituirá a beleza real?

Quizais si, pero visto dende agora o libro de papel aínda deixa un pouso que o outro ten que ganar co tempo. De todas as maneiras eu coido que aínda que a tecnoloxía avance moito no virtual, o formato tradicional vai coexistir cos que veñan durante moitas décadas. Supoño que máis adiante se imporá o audio-libro, que irá moi ben para os lectores vagos e servirá para sacar do paro a actores e rapsodos en paro.

A globalización non é unha perversidade das moitas da barbarie capitalista que nos afonda na pobreza e desigualdade en beneficio dunhas clases miserabeis afeitas ao latrocinio histórico...?

Iso non ten discusión, por que senón estamos a sufrir esta crise fomentada en lugares remotos? O malo é que eses bárbaros saben como meter a xente no curral sen que a maioría se decate. Tamén hai unha minoría que se dá de conta e se deixa levar. E os que non queremos entrar nel, pouco ou nada podemos facer. O momento de actuar era cando esa crise se declarou, pero en lugar de aniquilar o sistema optouse por resucitalo dándolle biberóns de liquidez e así seguimos. Aínda que torpe e un tanto rudimentario, Éric Cantona, o ex dianteiro do Manchester, tivo un xesto de rebeldía hai cousa dun mes convocando a cidadanía do planeta a baleirar a banca, pero a cousa quedou niso, nun xesto.

Retornamos á monarquía e democracia: Non é un disparate máis que un anacronismo?

As dúas cousas, pero eu coido que a monarquía sobrevive grazas á mitificación, e esta devén de que haxa aínda xente, moita xente, que cre que existen seres superiores entre os humanos. Se non houberese ese complexo nado da ignorancia, a monarquía non existiría, estou seguro. Así e todo, non creo que estea demasiado asentada. Pero o peor é que esta democracia, malia ser de segundas rebaixas, tampouco non o está, cada día que pasa sae a pasear por ela un novo exemplar de dinosauro que criamos en extinción facendo ostentación pública das súas rancias credenciais.

Nun Estado federal ou confederal, republicano e socialista, onde as nacións que agora nega o centralismo nacional español, puideran recuperar-establecer a súa independencia, solidaria e internacionalista?

Pois seguramente, aínda que visto como están as cousas vexo esa posibilidade moi lonxe. Aínda que o meu espírito é anarquista e utópico, eu hoxe conformaríame con que puidésemos recuperar a nosa identidade plenamente; recuperar o dereito a ser diferentes sen pedir perdón e o outro quizais viñese co paso do tempo.

Con que libros de contos durmiron a Isidro Novo?

Ben, teño que dicir que a min non me lían contos ao pé da cama, se é a iso ao que te refires, pero eu creime lendo “chistes” de El Capitán Trueno, El Jabato, Mendoza Colt, Tío Vivo, Pulgarcito e tamén obras de Emilio Salgari, Carlos Dickens e Julio Verne, como a maioría da xente da miña época. Así e todo, da miña época de infancia máis tenra lembro con particular cariño un libro despregábel deses que agora se denominan pop-up que contiña as aventuras de Sinbad o Mariño.

Na túa opinión, cal é o panorama da literatura galega actual, e dentro dela a poesía e a novela?

A poesía galega é dende hai moito tempo un referente dentro e fóra da nosa comunidade. Foino e segue a selo, aínda que ultimamente me atope con demasiadas obras que semellan cortadas polo mesmo patrón, ata o punto

de ter a sensación de que hai demasiado seguidismo e autocompracencia. Polo que respecta á novela quizais exista hoxe máis diversidade que na poesía e o nivel de calidade eu considero que cada vez é máis alto. O que si noto é un descenso na produción de relato curto, xénero literario que tiña moito arraigo e grandes mestres na nosa terra. Canto á chamada literatura infantil e xuvenil eu coido que, como na poesía, Galiza segue a ser un referente. Mesmo hai unha produción de textos teatrais cun magnífico nivel. Por todo o dito coido que a nosa literatura está á altura da de calquera país

O xornalismo é outra formulación da literatura non tan distante como algunhas ou algúns pensan?

Hai xornalismo e xornalismo, pero nos periódicos sempre apareceron dignísimas pezas literarias, e senón aí están as de Dieste, Cunqueiro, Fole ou Borobó, por poñer uns exemplos. Podería poñer moitos nomes de hoxe, pero quizais esquecese algún e daría lugar a ciúmes.

Ser bilingüe é máis que unha posibilidade xeral, ou ten moito de trampa ou credibilidade inocente?

A palabra bilingüe en Galiza está hoxe tan desprestixiada que a min me anoxa oíla. Converteuse no subterfuxio dun feixe cavernícola. Cando se fala de bilingüismo, a tradución subconsciente e inmediata é: monolingüismo castelán. Eramos verdadeiramente bilingües cando non se usaba o termo pero non se arremetía de maneira tan atroz contra os galegofalantes.

Cunqueiro, nada sospeitoso de esquerdismo, a propósito disto que falamos, intuía a imposibilidade do bilingüismo pois “sempre haberá unha lingua que interfira na outra”, dicía. Cal é, xa que logo, a túa opinión? Tamén dicía Novoneyra, poeta e persoa que tiven a honra de coñecer, que na convivencia entre dúas linguas, a máis débil acababa por sucumbir, pero eu coido que se fósemos coidadosos e dende o poder non se lles dese alas aos abxectos, non tería por que ocorrer. Tamén é certo que co galego pode suceder o mesmo que co gaélico, que se deixou desaparecer case por completo pola invasión do inglés e agora a xente vai a centros onde paga por aprendelo, co fin de recuperar a súa identidade.

A revolución é unha posibilidade que transcende a historia?

A revolución é algo que só pode darse cando existen necesidades comúns de grande envergadura dentro dunha gran masa social e hoxe non sería posíbel que se dese aínda, pero quizais mañá, se a cousa segue así... Saír do individualismo, do aburguesamento, do compartimento estanco, non é doado. De todas as maneiras eu coido que hoxe unha revolución non tería por que ser cruenta nin debería selo e o seu fundamento debería estar máis nas actitudes que nas accións.

Se Isidro Novo fose un bo pintor, que non o sei, cal sería o retrato que faría tempo e a súa transcendencia?

O tempo quizais sexa deus, porque é o que nos rexe e nos condiciona. Dicimos sempre: “o tempo o dirá”, “o tempo todo o cura”, “tempo ao tempo”, etc. Pintaría un círculo dentro do cal habería unha billa que estaría a desprender lentísima unha pinga de auga. Abaixo habería unha lagoa negra e mesta que seguramente permanecería inmóbil cando se producise a caída da pinga e fixese impacto coa súa tona. O tempo deixa de ter sentido no silencio absoluto, no que xa non ten cabida o ser humano.

Respecto dos credos, cal é a túa actitude?

Como ateo escéptico e atarácico que son, miro para eles con indiferenza e absoluta tolerancia, mentres non me perturban cos seus dogmas e pretendan converterme. Así e todo, os fundamentalistas, sexan da relixión que sexan, métenme algo de medo, porque non deixan de ser enfermos mentais dispostos a calquera cousa por honrar o seu deus. Por certo, un deus, se é perfecto, como pode querer que o adoren? Sería un vaidoso e xa non podería ser tal, non si?

Que libro nunca se che irá da cabeza?

A min nunca se me irá da cabeza O estranxeiro, de Camus. Por dúas razóns: a primeira é porque naqueles dezasete anos que tiña quedara impresionado pola obra e a segunda porque, debido a esa impresión, deixárallo a un parente da miña idade para que o lese. Pasou tempo sen que mo devolvese e eu non llo reclamei. Un día visitándoo na súa casa tivemos que entrar na súa alcoba para non sei que asunto e fixeime que riba da mesía de noite había varias novelas de Keith Luger e de Marcial Lafuente Estefanía. O piso non debía estar a nivel,

porque a cama estaba calzada. Co libro de Camus que eu emprestara, claro.

Traballas agora para algunha obra?

Os que temos o vicio, sempre estamos en algo. Ando revisando unha obra en prosa e comezando un libro en verso, aínda que vou lento. Eu téñolle moito respecto á poesía. Cando me presento diante dela, procuro facelo traxado e cos zapatos limpos. Por outra banda tamén me ocupo de engrosar o glosario de AELG nomeado Palabras con memoria, onde recollemos palabras do noso idioma que non figuran nos dicionarios ou figuran con outros significados.

A poesía é o teu habitat preferido?

Dende hai tempo teño por lema que un narrador debe ser alguén capaz de velo todo, pero un poeta ten a obriga de ver o que ninguén ve, e debe ser por iso que, aínda que escribo máis prosa que verso, a miña vocación está máis por este que por aquela. Tamén cómpre dicir que eu fago distingo entre poesía e texto versificado, que é o que máis abonda.

Unha Galicia socialista, independente e tamén o teu soño, Isidro?

Un pouco coido que xa contestei anteriormente; gustaríame que a curto prazo houbera unha redignificación dos valores que fan que esta nación sexa tal e logo todo o que o noso pobo queira ser, será benvido. Pero, xa digo, o que de momento me preocupa é esta época terríbel que estamos a vivir. Preocúpame a nosa existencia como pobo.

Co teatro que tal te levas, meu amigo?

Co teatro lévome ben e mal, porque non vou ver tantas obras de teatro como quixera, pero como contrapartida son un lector bastante asiduo de obras cómicas e dramáticas. En Lugo nin sequera temos un edificio específico para representacións teatrais, o que se utiliza nin é axeitado e queda bastante a desmán.